ODs MULTIDISCIPLINARES E PLURILINGÜES PARA A FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO

DOCUMENTO TÉCNICO

O proxecto consta de vintecinco ODEs elaborados co programa eXeLearning 2.4.2. Non é necesario ter o programa instalado para poder traballar coas unidades. -Se se ten o arquivo comprimido, hai que descomprimilo, localizar o arquivo index.htlm e clicar sobre el. O ODE aparecerá de contado. -Se se ten o arquivo comprimido, pódese subir o ODE á plataforma Moodle : Agregar recurso> arquivo> Arrastrar o arquivo zip ata a zona de contidos> descomprimilo> buscar o elemento index.htlm e facer clic sobre el para convertelo no arquivo guía.

Se se quere instalar o programa eXeLearning, pódese facer dende este enlace http://exelearning.net/en/. É un programa gratuíto e de código aberto. Hai descargas para GNU/ Linux, para Microsoft Windows e para Apple.

Os ODEs non pesan máis de 100 Megas e teñen licenza CC-BY-NC SA. Para un correcto funcionamento é necesario que o dispositivo co que se quere traballar poida ler arquivos de imaxes .jpeg/ .png / .gif e arquivos de son e vídeo mp3 e mp4. O programa VLC, un reproductor multimedia gratuíto, pode descargarse para permitir o funcionamento dos vídeos e dos sons en mp3. En caso de instalar o programa eXeLearning, este usará o navegador predeterminado para o dispositivo.